



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E O  
CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA SOBRE ATRIBUCIÓN DE COMPETENCIA DE  
RECURSOS CONTRACTUAIS .**

En Santiago de Compostela, a 30 de xullo de 2018

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Valeriano Martínez García, conselleiro de Facenda, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, actuando en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude das facultades que lle atribúe a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra, D. José Antonio Redondo López, conselleiro maior, actuando en nome e representación do Consello de Contas de Galicia, en virtude das facultades que lle confire o artigo 8, punto 4, apartado a) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, e facultado polo Pleno do Consello de Contas de Galicia, na súa sesión do 26 de xullo de 2018, para subscribir o presente convenio administrativo,

**EXPOÑEN**

1. A Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, modificada pola Lei 1/2015, do 1 de abril, baixo a rubrica Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, creou tal órgano administrativo colexiado e especializado, adscrito á consellería competente en materia de facenda, que actuará con independencia funcional no exercicio das súas competencias.

No Diario Oficial de Galicia do 21 de febreiro de 2018 consta a publicación dos Acordos do Consello da Xunta de Galicia do 8 de febreiro de 2018, por proposta do conselleiro de Facenda, polo que se nomean presidente e vogais do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o 2 de abril



de 2018, unha vez realizadas todas as actuacións necesarias a tal fin. Tal acordo foi publicado no Diario Oficial de Galicia de 5 de marzo de 2018.

2. O artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece que o Parlamento de Galicia, o Valedor do Pobo e o Consello de Contas poderán atribuír a competencia para a resolución dos seus recursos, reclamacións, solicitudes de adopción de medidas provisionais e cuestións de nulidade ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a formalización do correspondente convenio, no cal se estipularán as condicións nas que se sufragarán os gastos derivados desta asunción de competencias

3. O Consello de Contas decidiu acollerse a tal opción, a cuxo fin se celebra o presente convenio coa Consellería de Facenda en virtude do cal se someterán á resolución que adopte o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos da competencia deste.

4. Visto o anteriormente exposto e no marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as Administracións Públicas segundo o artigo 140 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e en cumprimento do establecido nos artigos 47 a 53 desa lei, os representantes de ambas as partes consideran que resulta moi beneficioso para o cumprimento dos seus respectivos fins o establecer un marco de colaboración no ámbito das citadas materias de contratación pública.

En consecuencia, acordan subscribir o presente Convenio de colaboración de conformidade coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### **Primeira.** *Natureza e réxime xurídico.*

1. O presente convenio de colaboración celébrase ao abeiro do disposto no artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico rexéndose, ademais, polo disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Valencia



2. Este ten natureza administrativa, suxeitándose en canto á súa regulación ao ordenamento xurídico-administrativo. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

**Segunda. Obxecto e obrigas das partes.**

O obxecto do presente Convenio é a atribución por parte do Consello de Contas de Galicia ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en diante o Tribunal, da competencia para a tramitación e resolución dos recursos, reclamacións, solicitudes de adopción de medidas cautelares e demais procedementos recollidos no artigo 35. bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

O tribunal asume as obrigas descritas no parágrafo anterior e o Consello de Contas a de remitir a tal efecto a documentación necesaria, incluíndo aquela que lle solicite o tribunal.

**Terceira. Ámbito subxectivo de aplicación.**

A atribución de competencia comprenderá os actos adoptados polo Consello de Contas de Galicia en relación ao ámbito dos procedementos recollidos no artigo 35. bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

**Cuarta. Comunicaci3ns.**

Conforme ao establecido no artigo 54 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (Lei 9/2017, de contratos do sector público, en adiante), as comunicaci3ns e o intercambio de documentación entre os 3rganos competentes para resolver os recursos e os 3rganos de contrataci3n faranse por medios electr3nicos.

valverde



**Quinta. Procedemento.**

A remisión das comunicacións, dos informes e dos expedientes administrativos deberá facerse dentro dos prazos previstos na Lei 9/2017, de contratos do sector público e demais que sexan de aplicación.

**Sexta. Carácter gratuito da asunción de competencias polo Tribunal.**

A asunción polo Tribunal da competencia para resolver os recursos e demais procedementos establecidos na cláusula primeira non dará lugar a unha contraprestación económica por parte do Consello de Contas de Galicia

**Sétima. Publicación.**

1. Este Convenio será obxecto da publicación establecida na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. Neste sentido, ambas partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente Convenio a publicidade esixida.

2. En concreto, os asinantes prestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nel, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, na web do Consello de Contas e na web do Tribunal.

**Oitava. Entrada en vigor e duración.**

1. O presente Convenio producirá efectos desde o momento da súa sinatura e terá unha duración de tres anos.

O Tribunal será competente para resolver os recursos, reclamacións, solicitudes de adopción de medidas cautelares e demais procedementos recollidos no artigo 35. bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, interpostos ou iniciados con posterioridade á entrada en vigor do presente Convenio.

2. O Convenio non poderá ser denunciado ata que transcorra un ano da súa vixencia. Transcorrido este, poderá denunciarse en calquera momento causando efecto a denuncia do convenio a partir do transcurso de tres meses

Valencia



a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

3. A vixencia do Convenio entenderase prorrogada por un novo prazo igual ao previsto no apartado 1 cando, chegado o momento da súa extinción, non fose denunciado por ningunha das partes.

**Novena.** *Outros supostos de extinción.*

1. No caso de que o Consello de Contas crease con carácter previo á denuncia deste Convenio un órgano independente ao que atribuíse a competencia para resolver os recursos indicados na cláusula primeira, este Convenio deixará de estar vixente a partir da mesma data en que o órgano creado comece a exercer as súas funcións de conformidade coa disposición que o regule.

2. Agás que na disposición que cree o novo órgano independente establézase outra cousa, os asuntos de que estivese a coñecer o Tribunal no momento de producirse o cambio de competencia seguirán baixo o coñecemento do mesmo até a súa resolución, sen prexuízo de que a responsabilidade de velar pola execución das resolucións ditadas asúmase polo novo órgano creado.

**Décima.** *Órgano de seguimento.*

1. Para o control do cumprimento e xestión do disposto nas cláusulas deste Convenio de colaboración constituirase unha Comisión Mixta coas seguintes funcións:

1.<sup>a</sup> Adoptar as medidas precisas para a eficaz práctica dos trámites de remisión dos informes, dos expedientes administrativos e das comunicacións que deban cursarse entre o Consello de Contas e o Tribunal.

2.<sup>a</sup> Resolver calquera controversia que xurda na execución do Convenio.

3.<sup>a</sup> Analizar, estudar e propor calquera outra medida que sexa de utilidade para o bo funcionamento do Convenio.







2. A Comisión estará integrada por dous vocais, un deles en representación da Consellería de Facenda e o outro designado polo Consello de Contas, correspondendo a Presidencia alternativamente a cada un deles cada ano.

A Comisión reunirse como mínimo unha vez ao ano, ou sempre que o solicite unha das partes.

3. Serán de aplicación á actuación da Comisión as normas de constitución e actuación dos órganos colexiados establecidas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

De conformidade con todo o exposto e convido, no exercicio das competencias de que son titulares os asinantes, subscriben o presente Convenio, por duplicado exemplar.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2018

<p>O conselleiro de Facenda</p>   <p>Valeriano Martínez García</p>	<p>O conselleiro maior do Consello de Contas</p>   <p>Consello de Contas de Galicia CONSELLEIRO MAIOR</p> <p>José Antonio Redondo López.</p>
--	--